

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Resolución do 25 de abril de 2007 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas no sector das forraxes desecadas e pola que se convocan para o 2007.

O Regulamento nº 1786/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003, establece unha organización común de mercados (OCM) no sector das forraxes desecadas, coa conseguinte previsión no seu artigo 4º dunha axuda comunitaria para os produtos incluídos na devandita OCM.

O Regulamento (CE) nº 382/2005 da Comisión, do 7 de marzo de 2005, modificado polo Regulamento (CE) nº 116/2007 da Comisión, do 7 de febreiro de 2007, establece as disposicións de aplicación do devandito regulamento.

A normativa básica estatal de aplicación en España sobre o réxime de axudas no sector das forraxes desecadas establécese no Real decreto 311/2005, do 18 de marzo.

Neste contexto, a presente resolución regula o procedemento de concesión das axudas no sector das forraxes desecadas na Comunidade Autónoma de Galicia e convoca a axuda para o ano 2007, de conformidade co procedemento para a tramitación e concesión de axudas nesta comunidade autónoma, previsto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como no que resulta de aplicación, a Lei 33/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

O Decreto 132/2006, do 27 de xullo, que regula os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, creados en virtude dos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, dispón no seu artigo 9.2º que as bases reguladoras e as solicitudes de axudas e subvencións deberán informar os interesados dos aspectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica de protección de datos, o que se ten en conta na presente resolución co fin de dar debido cumprimento á devandita exixencia normativa.

Segundo a Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria -Fogga- (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo DOG nº 251, do 30 de decembro)- e o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que a desenvolve, correspóndelle a este organismo, entre outras funcións, a execución da política da onsellaría en relación coas accións derivadas da aplicación da Política Agrícola Común (PAC) e a concesión de axudas para o funcionamento das distintas organizacións comúns de mercados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta resolución regula na súa sección I o procedemento para a tramitación e concesión das axudas no sector das forraxes desecadas nesta comunidade autónoma e na súa sección II convoca esta axuda para o ano 2007.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e tendo en conta o previsto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta resolución no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, establece na súa sección primeira as bases reguladoras da concesión das axudas aos produtos incluídos na OCM das forraxes desecadas que se relacionan no artigo 1 do Regulamento (CE) 1786/2003, do Consello, e conforme se definen no punto 1º do artigo 2 do Regulamento (CE) 382/2005, da Comisión; e na súa sección segunda convoca as ditas axudas para o ano 2007.

2. Quedan excluídas da axuda as forraxes procedentes de superficies acollidas a algún dos réximes de axuda establecidos no título IV do Regulamento (CE) nº 1782/2003, de acordo co disposto no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 382/2005.

3. A campaña de comercialización das forraxes desecadas comezará o 1 de abril de cada ano e finalizará o 31 de marzo do ano seguinte.

Sección primeira Bases reguladoras

Artigo 2º. -Beneficiarios.

As axudas reguladas nesta resolución concederanse ás persoas físicas ou xurídicas que, previamente autorizadas polo Fogga, obteñan e dean saída do recinto da súa industria ás forraxes nas condicións indicadas no artigo 9 do Regulamento 1786/2003, e se inclúan nalgunha das seguintes categorías:

a) Empresas que asinen contratos cos produtores de forraxes para desecar.

b) Empresas que transformen a súa propia produción ou, en caso de agrupacións, a dos seus membros, obtida en parcelas que fosen obxecto dunha declaración de superficies forraxeiras.

c) Empresas que obteñan as subministracións de compradores de forraxes autorizadas polo Fogga e que, pola súa vez, asinen contratos cos produtores das forraxes que hai que transformar.

Artigo 3º. -Solicitud de autorización das empresas de transformación.

1. Para poderen percibir as axudas previstas nesta resolución, as empresas de transformación situadas na Comunidade Autónoma de Galicia terán que estar autorizadas polo Fogga.

2. Para a súa autorización, as ditas empresas presentarán antes do inicio da campaña unha solicitude

de autorización, segundo o modelo do anexo I, xunto cunha memoria técnica que inclúa, polo menos, as seguintes indicacións:

a) A descrición do recinto da empresa de transformación, indicando en particular, os lugares que sirvan para a entrada e almacenamento dos produtos que se vaian transformar; os destinados ao almacenamento e saída de produtos acabados; e da situación das instalacións de transformación.

b) A descrición das instalacións técnicas e, en particular, dos fornos de deshidratación (con indicación da capacidade de evaporación por hora e da temperatura de funcionamento), das instalacións de trituración e de pesaxe, que sirvan para realizar as operacións de deshidratación de forraxas frescas, de trituración das secadas ao sol e de fabricación de concentrados de proteínas. No caso de deshidratación por calor, disporán dun termógrafo de lectura continua instalado en cada máquina deshidratadora para verificar a temperatura do aire á entrada do proceso que establece o artigo 2. 2º a) primeiro guión do Regulamento (CE) 382/2005, así como dos equipamentos de medición necesarios para o control de consumos e tempo de funcionamento da industria transformadora.

c) Unha lista dos engadidos, de acordo co disposto no artigo 2, punto 5º, do Regulamento (CE) 382/2005, utilizados antes ou durante o proceso de transformación; así como outra lista indicativa dos demais produtos utilizados na fabricación e dos produtos acabados.

d) Os rexistros de contabilidade de existencias, conforme os modelos que se xuntan como anexo IV desta resolución, que permitan un seguimento diario das cantidades de produtos que entren para seren procesados, indicando para cada recepción a data de entrada, a cantidade, a especie e a porcentaxe de humidade; das cantidades producidas; das cantidades e calidade das forraxas que saian; e das cantidades de aglutinantes ou de calquera outro engadido que se utilice na fabricación. En todo caso deberá conter os datos exixidos no artigo 12 do Regulamento (CE) nº 382/2005.

Artigo 4º. -Solicitudes de autorización dos compradores de forraxas.

As persoas físicas ou xurídicas que compren mercadorías aos produtores de forraxas frescas para entregalas ás empresas de transformación, conforme se indica no terceiro guión do artigo 2º desta resolución, para obterem a autorización como comprador de forraxas para desecar e triturar, deberán presentar unha solicitude, conforme o modelo do anexo II, comprometéndose ao cumprimento das condicións previstas no artigo 8º desta resolución.

Artigo 5º.-Prazo e forma de presentación das solicitudes de autorización das empresas de transformación e dos compradores de forraxas.

As solicitudes de autorización previstas nos artigos 3º e 4º desta resolución presentaranse antes do inicio da campaña de comercialización, nos servizos provinciais do Fogga ou por calquera das vías previstas no artigo 38. 4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e dirixiranse ao director do Fogga.

Artículo 6º.-Resolución de autorización.

1. Efectuada a comprobación de que o solicitante reúne os requisitos establecidos pola normativa reguladora vixente, o respectivo servizo provincial do Fogga elevará proposta ao director do Fogga, a través do delegado provincial do organismo, para que dite a correspondente resolución antes do inicio da campaña de comercialización.

2. Con carácter excepcional, poderase conceder unha autorización provisoria por período non superior aos dous meses seguintes ao do inicio da campaña de que se trate, debendo nese prazo autorizarse ou denegarse definitivamente.

3. De non se ditar resolución expresa neses prazos, entenderanse concedidas as autorizacións por silencio administrativo.

4. As autorizacións concedidas terán validez mentres non se retiren expresamente. Non obstante, as empresas de transformación e os compradores de forraxas que dispuxesen de autorización en anteriores campañas, deberán comunicar antes do inicio da campaña e mediante escrito dirixido ao director do Fogga, a súa intención de manter a autorización para actuar na nova campaña.

5. No suposto de modificación durante a campaña de comercialización dalgunha das indicacións previstas na memoria técnica a que se refire o punto 2 do artigo 3º, as empresas de transformación autorizadas deberán comunicar a devandita circunstancia ao Fogga, nun prazo de dez días naturais, co obxecto de confirmar, se procede, a súa autorización.

Artigo 7º. -Obrigas das empresas de transformación.

As empresas de transformación autorizadas deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Procesar a forraxe adquirida exclusivamente segundo algunha das modalidades previstas no artigo 2º desta resolución.

b) Destinar unicamente á deshidratación a forraxe que chegue á estación de transformación picada, non empacada, con máis do 25 por cento de humidade cuxo período de retención máximum, desde a entrada na estación ata o seu procesamento, sexa inferior a 24 horas, e procedente de parcelas situadas a unha distancia máxima de 100 km daquela estación, tendo en conta que só terán dereito á axuda aquelas partidas cuxa humidade media ponderada á entrada na empresa transformadora sexa polo menos do 30 por cento, medida como máximo cada dez días.

c) As forraxas destinadas a ser secadas doutra forma (secadas ao sol: SOF) soamente terán dereito á axuda se se someten a un proceso de moenda.

d) Nos supostos en que se simultaneen os procesos, deberán efectuarse a fabricación e almacenamento dos produtos obtidos a partir de forraxas secadas ao sol en locais ou lugares distintos a aqueles onde se realice a fabricación de forraxas deshidratadas ou concentrados de proteínas. En todo caso, prohibese a mestura na empresa de transformación dos produtos pertencentes a ambos os dous grupos de forraxas.

Ademais, cando se pretenda efectuar algunha das operacións previstas no artigo 9 do Regulamento (CE)

382/2005, deberase solicitar previamente unha autorización do correspondente servizo provincial do Fogga, que determinará as condicións da súa realización e supervisará as devanditas operacións.

e) Levar unha contabilidade de existencias diaria, de acordo co contido dos modelos de anexo IV desta resolución, coas indicacións establecidas na alínea a) do artigo 10 do Regulamento (CE) 1786/2003, así como no artigo 12.1º do Regulamento (CE) 382/2005.

A devandita contabilidade establecerase por separado para forraxes deshidratadas, forraxes secadas ao sol, concentrados de proteínas, e produtos deshidratados, tal e como se agrupan e definen no punto 1º do artigo 2 do Regulamento (CE) nº 382/2005. Ademais, nos casos en que se deshidraten ou elaboren produtos distintos aos anteriores, levarase unha contabilidade específica relativa ás outras actividades de deshidratación ou elaboración.

f) Comunicar por escrito ao servizo provincial do Fogga, antes do final do primeiro mes de cada trimestre, a porcentaxe media de humidade, calculada mediante a comparación entre as cantidades utilizadas e as cantidades de forraxes desecadas obtidas, durante o trimestre anterior.

g) Presentar as copias dos contratos das declaracións de superficie e de entrega, e a lista ou soporte magnético coas parcelas agrícolas incluídas nos contratos e declaracións nos prazos establecidos no artigo 12º desta resolución.

h) Efectuar as tomas de mostras e a determinación do peso das forraxes desecadas no momento en que saian da empresa.

i) Comunicar ao servizo provincial do Fogga o programa de saídas de forraxes desecadas que se subvencionan e que vaian saír da empresa cunha anticipación mínima de dous días hábiles.

j) Utilizar un secadoiro que cumpra as condicións de temperatura de aire, tempo de paso das forraxes e espesor de camada, que se prevén na alínea a) do número 2º do artigo 2 do Regulamento (CE) 382/2005. En todo caso, a detección de que a temperatura do aire, no momento da entrada da forraxe no secadoiro, non é inferior a 250º C realizarse mediante un termógrafo de lectura continua instalado en cada máquina.

k) Presentar os xustificantes necesarios para a correcta comprobación do seu dereito ás axudas e, en particular, aqueles a que se refire o artigo 13 do Regulamento (CE) nº 382/2005 que, se for o caso, lle fosen solicitados polo Fogga.

l) As restantes condicións previstas nos Regulamentos (CE) 1786/2003 e (CE) 382/2005.

Artigo 8º.-Obrigas dos compradores de forraxes.

Os compradores de forraxes autorizadas deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Presentar ante o servizo provincial do Fogga unha copia dos contratos e un soporte magnético que conteña todas as parcelas agrícolas incluídas nos devanditos contratos, nos prazos que se indican no artigo 11º desta resolución.

b) Levar un rexistro dos produtos de que se trate, segundo o modelo que se xunta como anexo V desta resolución, e que conteña como mínimo as entradas e saídas de produto.

c) Poñer á disposición do Fogga a súa contabilidade financeira.

d) Facilitar as operacións de control.

Artigo 9º.-Suspensión temporal das autorizacións.

As autorizacións concedidas conforme o disposto no artigo 6º desta resolución poderán ser suspendidas temporalmente polo director do Fogga, por un período comprendido entre un e cinco anos en función da gravidade da infracción, cando as empresas de transformación ou os compradores de forraxes deixen de cumprir algún dos requisitos previstos na normativa comunitaria ou estatal ou das obrigas previstas nos artigos 7º e 8º da presente resolución.

Artigo 10º.-Contratos de fornecemento de forraxes.

1. Os contratos de fornecemento de forraxes que se vaian transformar, celebrados por escrito entre empresas de transformación e compradores de forraxes cos produtores, nos supostos a) e c) do artigo 2º desta resolución, incluírán, polo menos, as seguintes especificacións:

a) Nome, apelidos e domicilio das partes contratantes.

b) Data da sinatura do contrato.

c) Campaña de comercialización.

d) Especie ou especies de forraxes que se vaian transformar, así como a súa cantidade previsible.

e) Identificación das parcelas agrícolas en que se cultiven as forraxes que se vaian transformar, conforme o sistema alfanumérico de identificación previsto no número 1º do artigo 14 do Regulamento (CE) 796/2004, da Comisión.

f) Prezo que se pagará aos produtores pola forraxe verde e, se é o caso, pola forraxe secada ao sol.

g) As condicións de entrega e pagamento.

2. Nos contratos previstos no artigo 2º a) desta resolución que teñan por obxecto un pedido especial para a transformación de forraxes fornecidas polos produtores, deberase precisar, ademais do sinalado no número anterior, o seguinte:

a) A superficie a colleita da cal se destine á entrega.

b) A obriga da empresa transformadora de aboarlles aos produtores a axuda que reciban de acordo co disposto nesta resolución, polas cantidades transformadas en virtude de contrato.

3. Os contratos de compravenda de forraxes con destino á súa transformación axustaranse ao modelo de contrato-tipo homologado por orde do ministerio competente en materia de agricultura para cada campaña.

Artigo 11º.-Declaracións de superficies e de entrega de forraxes para a súa transformación.

1. As declaracións de superficies que deberán realizar por escrito as empresas de transformación que

elaboren a súa produción ou a dos seus asociados nos supostos do artigo 2º a) desta resolución incluírán, polo menos, as especificacións previstas no modelo do anexo VI.

2. A identificación das parcelas agrícolas realizárase conforme o sinalado no alínea e) do punto 1 do artigo anterior.

Todas as parcelas incluídas nos contratos a que se refire o artigo anterior e nas declaracións de superficie do número 1 deste artigo deberán figurar nas declaracións previstas na solicitude de axuda única para cada campaña.

3. As declaracións de entrega, expedidas por escrito nos supostos en que a empresa se abasteza de compradores de forraxes autorizadas, incluírán polo menos, os datos sinalados no modelo do anexo VII.

4. Para os efectos de formalizar os contratos do artigo 10º e as declaracións deste artigo, consideraranse os seguintes rendementos previsibles, referidos ao 12% de humidade:

a) Alfalfa: rendemento de 12.000 kg/hectárea.

b) Pradaría leguminosas-gramíneas: rendemento de 13.500 kg/hectárea.

5. Cando as entregas de forraxes con cargo a un contrato ou declaración superen en máis dun 10% a cantidade sinalada no número anterior, a empresa de transformación ou comprador deberá proceder á súa ampliación, comunicándolle por escrito a devandita circunstancia ao servizo provincial do Fogga correspondente, previamente a que se produza, coa conseguinte aceptación do comprador, se é o caso.

Artigo 12º. -Prazo de celebración e presentación dos contratos e declaracións.

1. Os contratos e declaracións de superficie e de entrega deben presentarse cunha anticipación mínima de dous días hábiles á data de entrega da forraxe e, en todo caso, antes do 15 de setembro.

2. Non obstante, en casos excepcionais debidamente xustificadas, poderán presentarse ata o 30 de novembro.

Artigo 13º. -Solicitudes de axuda.

1. As empresas de transformación autorizadas que estean interesadas en obter as axudas previstas nesta resolución deberán presentar unha solicitude conforme o modelo do anexo III desta resolución.

2. As solicitudes dirixiranse ao director do Fogga e presentaranse nos servizos provinciais do Fogga ou por calquera de fórmulas previstas no artigo 38. 4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. O prazo de presentación será de corenta e cinco días naturais, contados a partir do seguinte á finalización do mes en que saian as forraxes da empresa de transformación.

4. Non obstante o disposto no número anterior, admitiranse as solicitudes presentadas dentro dos vinte e cinco días naturais seguintes á finalización dos devanditos prazos, aplicándose, agás supostos de forza maior, unha redución do 1% do importe da axuda por cada día hábil de atraso, agás sábados.

5. As solicitudes presentadas transcorridos eses vinte e cinco días non serán admitidas, salvo en caso de forza maior.

6. Non se poderá presentar ningunha solicitude de axuda para unha campaña determinada despois do quince de abril seguinte á súa finalización.

7. Sen prexuízo de todo o anterior, as empresas de transformación e os compradores de forraxes autorizadas deberán presentar, con data máxima do día 15 de cada mes, unha lista dos contratos formalizados durante o mes anterior e das declaracións de entrega establecidas durante o mes anterior.

8. Conforme o previsto nos artigos 41.1º g) e 43, parágrafo 2 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, a presentación das solicitudes levará consigo a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberado o solicitante de presentar a correspondente certificación, salvo no caso de que o importe non supere por beneficiario e axuda 1.500 €, en que non se requirirá ningunha acreditación.

Artigo 14º. -Documentación complementaria á solicitude.

1. Sen prexuízo da documentación que teña que presentar a empresa de transformación nos prazos indicados nos artigos desta resolución, coa solicitude presentárase a seguinte:

a) Copia da contabilidade de existencias referidas ao mes precedente.

b) Copia dos contratos ou declaracións de entrega formalizados ata a data de presentación da solicitude.

c) Se é o caso, as garantías necesarias para percibir os anticipos a que se refire o artigo 16º desta resolución.

d) Unha declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas para o mesmo fin polas distintas administracións públicas competentes.

2. Ademais, os solicitantes deberán acreditar o cumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios das subvencións e axudas públicas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 15º. -Tramitación e resolución das solicitudes.

1. Os servizos provinciais do Fogga, despois de efectuaren os controis pertinentes e, en todo caso, despois da comprobación do dereito á axuda, elevarán a oportuna proposta, a través da delegación provincial do Fogga, ao director do organismo sobre as solicitudes presentadas, para que este dite a correspondente resolución.

2. Nos supostos en que a empresa solicitante percibise os anticipos con anterioridade á resolución, de acordo co previsto no artigo 16º desta resolución, o

pagamento da axuda consistirá, se é o caso, en aboar o saldo resultante da eventual diferenza entre a contía do anticipo e o importe total da axuda que corresponda.

3. O prazo máximo de resolución e pagamento das axudas será de dous meses desde a finalización dos controis do servizo provincial do Fogga a que se refire o artigo 19º desta resolución.

4. Ante a falta de resolución expresa no prazo anterior, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 16º.-Anticipos e garantías.

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, puntos 1 e 3 desta resolución, e despois de que a forraxe abandone a empresa transformadora, esta poderá solicitar o anticipo previsto no artigo 7 do Regulamento (CE) 1786/2003, polos importes que se sinalan para cada caso.

O devandito anticipo solicitarase mediante indicación expresa na propia solicitude de axuda.

2. Despois da comprobación do dereito á axuda, o servizo provincial do Fogga que corresponda elevará, a través da súa delegación provincial do Fogga a proposta sobre os anticipos solicitados ao director do organismo para que este resolva a autorización do pagamento do anticipo.

3. Non obstante, poderase proceder ao pagamento do anticipo con anterioridade á comprobación do dereito á axuda, se a empresa entrega coa solicitude unha garantía igual ao 110 por cento do importe do anticipo.

A devandita garantía cubrirá calquera outra fianza que se puiden constituír conforme o disposto no número 1 do presente artigo.

4. O prazo para resolver sobre o anticipo solicitado será dun mes contado a partir do seguinte ao da presentación da solicitude; transcorrido este, poderase entender desestimada a solicitude de anticipo por silencio administrativo.

Artigo 17º. -Liberación de garantías.

1. Por instancia do interesado, o delegado provincial do Fogga correspondente procederá á devolución das garantías presentadas, cando se coñeza o dereito á percepción da axuda, polo menos, pola cantidade anticipada.

2. No suposto de que a axuda se conceda por cantidade inferior á anticipada, poderase executar a garantía pola diferenza entre as dúas cantidades, de non ingresar a empresa interesada a devandita cantidade despois do requirimento do Fogga.

Artigo 18º.-Controis.

Todos os controis administrativos e, se é o caso, sobre o terreo, serán efectuados polos servizos provinciais do Fogga, de conformidade co disposto nos artigos 13 do Regulamento (CE) 1786/2003 e 23 a 28 do Regulamento (CE) 382/2005.

Artigo 19º.-Reducións e exclusións en caso de declaracións de cantidades excesivas por parte das empresas de transformación.

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 22º, e de conformidade co disposto no artigo 29 do Regulamento (CE) 382/2005, nos supostos en que se constate que a cantidade de forraxes desecadas indicada nunha ou varias solicitudes de axuda por unha empresa de transformación sexa superior á que se subvenciona, o importe da axuda calcularase sobre a base da cantidade que efectivamente se subvencione, minorándose ao dobre da diferenza constatada.

2. Non obstante, a solicitude de axuda será desestimada no caso de que o devandito excedente sexa superior nun 20% á cantidade que se subvenciona, ou se por segunda vez nunha mesma campaña se detecta un excedente, aínda que este sexa inferior a un 20%.

3. Cando a diferenza entre a cantidade solicitada e a realmente subvencionable supere o 50% ou se constate de novo na mesma campaña unha diferenza superior ao 20% pero inferior ao 50%, non se concederá ningunha axuda pola campaña en curso.

4. En todo caso, se se comproba que as irregularidades anteriores foron cometidas deliberadamente, non se concederán as axudas nin durante a campaña en curso nin na seguinte.

Artigo 20º.-Reducións e exclusións por incumprimento de determinadas condicións de autorización por parte das empresas de transformación e os compradores.

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 22º, e de conformidade co disposto no artigo 30 do Regulamento (CE) 382/2005, cando se comprobe que a contabilidade de existencias non cumpre coas condicións establecidas na alínea e) do artigo 7º desta resolución ou que non se pode establecer a correspondencia entre a contabilidade de existencias, a contabilidade financeira e os xustificantes, sen prexuízo das reducións e exclusións contempladas no artigo anterior, imponse á empresa de transformación unha redución comprendida entre o 10% e o 30% do importe da axuda solicitada para a campaña en curso en función da gravidade das faltas que se cometesen.

2. De constatare as devanditas irregularidades de novo nos dous anos seguintes á primeira constatación, a dirección do Fogga retirará a autorización da empresa de transformación por un período mínimo dunha campaña e un máximo de tres campañas.

Artigo 21º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta resolución e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O importe da axuda concedida non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Artigo 22º.-Reintegro da axuda.

Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda máis os xuros de mora producidos desde o

pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 23º.-Recursos administrativos.

Contra as resolucións que, en aplicación desta resolución, dite o director do Fogga, poderase interpoñer recurso dealzada ante o presidente do devandito organismo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 107, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a resolución non for expresa, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Artigo 24º. -Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, en calquera momento, lle poidan exixir os órganos correspondentes do Fogga, a empresa beneficiaria das axudas ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que el sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 25º.-Publicidade.

